

Sumario

<i>EDITORIAL</i>	2
<i>OS COMEZOS DO IES RICARDO MELLA</i>	3
<i>PROGRAMAS EUROPEOS</i>	5
<i>O DÍA DAS NOSAS LETRAS</i>	10
<i>OS NOSOS RELATOS</i>	15
<i>UNHA IMAXE VALE MÁIS CON CEN PALABRAS</i>	18
<i>CONCURSO CARTAS DÍA DA MULLER</i>	22
<i>RECUNCHO CULTURAL</i>	23
<i>CLUBE DE LECTURA MANGA</i>	24
<i>HISTORIAS PARA ESPANTA-LO MEDO</i>	25
<i>AS NOSAS VISITAS</i>	26
<i>ENTROIDO, FESTA RACHADA</i>	30
<i>ATA SEMPRE E BOA SORTE!</i>	33

Editorial

Retomamos despois de bastante tempo a tarefa de elaborar unha revista do noso centro. Nela tentamos facer unha escolma dalgúns das innumerables actividades nas que participamos para dar fe ás xeracións vindeiras das nosas inquedanzas e ilusións.

Comezamos este curso aló polo mes de setembro, con varios centos de alumnos e cun claustro de arredor de cen profesores, boa parte deles caras novas coas que pronto nos fomos familiarizando. Algúns ficarán aquí entre nós durante uns anos máis, a outros botarémos de menos, coma ao profesor Carlos L. Maceda, que nos deixou de xeito inesperado para irse a calcular a distancia entre as estrelas. Tamén despedimos durante este curso a Manolo Ramil e Pilar Martínez León, ámbolos dous profesores de Sanitaria e a Encarna Siota, profesora do departamento de Administrativo, que pasaron á súa merecida etapa de xúbilo. Parabéns aos tres!

Quixeramos pedir desculpas por non ter feito un traballo máis completo sobre as actividades nas que se implica diariamente o noso centro que, como dixemos, non son poucas. Boa fe diso poden dar os boletíns que asiduamente recibimos os profes de mans do noso ilustre vicedirector, Carlos Camaño. Algúns chegamos a preguntarnos cantas horas ten o día dalgúns persoas. Deste xeito reiniciamos esta nova singladura da revista do IES Ricardo Mella. Esperamos que nos anos vindeiros vaia mellorando tanto na forma coma nos contidos e sobre todo na implicación e colaboración de toda a comunidade educativa. Animamos a todo o mundo para que así sexa.



OS COMEZOS DO RICARDO MELLA



Vista aérea do Ricardo Mella no ano 2000

No ano académico 1979-1980 iniciábanse, moi de vagar as clases nun instituto que se acababa de construír na aba do Meixoeiro, en concreto foi o 8 de xaneiro do 1980 cando iniciou a súa andaina o que daquela se deu en chamar “Centro Nacional de Formación Profesional Meixueiro”. Por aquel entón comporían a comunidade

docente 1.030 alumnas e alumnos, 52 profesoras e profesores e 7 membros de persoal non docente. Como o

propio nome indicaba, nese momento o centro foi concibido como de Formación Profesional e os alumnos repartiríanse en cinco especialidades: Administrativa, Electrónica, Sanitaria, Automoción e Perruquería.

Naquel primeiro ano as prazas de profesoras e profesores adxudicadas ao centro polo MEC cubríronse con profesoras e profesores que viñan desprazados dende o Porriño, Tui e da propia cidade de Vigo. A mesma directora facía entrevistas persoais para contratar ao resto do cadro de persoal. Como curiosidade, cabe mencionar que algún dos primeiros claustros se celebrarían os sábados pola tarde, para asombro dalgúns dos docentes máis mozos de hoxe en día. Chama verdadeiramente a atención o xeito que tiñan entón de sentar nestas reunión, cada profesora ou profesor detrás do seu nome, deixando no medio dunha gran roda de licenciados ou titulados superiores aos “Mestres de Taller”. Nin que dicir ten que por aqueles tempos as profesoras e profesores fumaban nas clases.

Os comezos non foron doados. Non había auga, principal atranco no inicio das clases nese primeiro ano. Non había material dabondo nos talleres para impartir as clases Prácticas e de Tecnoloxía e non se dispunha de profesorado da materia de Galego, a pesares de que xa se fixera o horario contando con estas designacións e que o claustro, a man alzada aceptara por unanimidade que se impartira esta materia no centro.

No curso 1980-1981 fixouse en 8 anos o contrato do “Bar” para o cal o centro cedería o taller nº6 do edificio 3 e os servizos de auga e luz. Neste curso mencionaremos como anécdotas una folga de alumnado na que se reivindicaban “Pases Pro Bus”, e a denuncia e posterior sanción a una profesora de Lingua Española que impartía as súas clases en galego. Máis chocante foi a discusión nun claustro de se un profesor de Prácticas Sanitarias debe ou non saber vendar. Tamén deu que falar o permiso que algún profesores de Prácticas daban aos seus alumnos para que levaran pezas do seu taller para as súas casas co obxecto de que non lles faltaran nas clases e que cada un se responsabilizara das súas.

No curso 1981-1982, xa plenamente integrado dentro da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e con ovo nome “IFP Meixueiro”, o primeiro tema que se debateu nun claustro foi o de se se podería ou non fumar nos centros. Uns dicían que non se podía prohibir fumar aos maiores de 18 anos. Outros que se lles debía prohibir aos alumnos e permitírselles aos profesores e profesoras. Algúns xa apostaban pola prohibición total do tabaquismo. No 1981 aprobouse a prohibición total do tabaco nas aulas (que non noutras dependencias do centro) por 36 votos a favor e 32 en contra. Aínda así, seguiríanse a recoller cabichas nas aulas durante un tempo.

O novo curso 1982-83 comezou con atraso. O profesorado secundou unha folga polo mal estado dos servizos. Tamén destaca a posta en funcionamento da Biblioteca do centro.

No curso 1984-85 iniciaríase a publicación da revista escolar precursora desta mesma, así como campionatos de xadrez, atletismo, concursos, recitais, representacións teatrais e de diferentes actividades no día das Letras Galegas. Nese mesmo curso produciríase o peche da cafetería durante as horas de clase.

No curso 1985-86 modificaríase o horario lectivo, quedando dúas tardes libres, a do martes e a do xoves, quedando o resto dos días tres sesións de tarde, ademais das cinco sesións de mañá. Estas tardes libres empregaríanse para levar a cabo actividades e reunións, galeguización e informatización do centro. Neste mesmo curso naceu o “Consello Escolar” tal e como o coñecemos e desprazáronse as rama de Perruquería a outros instituto, así coma a especialidade de Informática da rama Administrativa. Tres anos máis tarde chegaríalle a vez á rama de Automoción, que se mudaría ao instituto que temos cruzando a estrada, ao IES Valentín Paz Andrade.

No 1987-88 reduciuse o horario lectivo na quenda de nocturno a 40 minutos, en troques dos 45 que viñan ata entón sendo a norma.

No curso 1989-90 tentouse de conseguir un ordenador a través da Consellería de Educación para informatizar o instituto. En setembro de 1989 chegou o agardado agasallo da consellería e púxose por fin en marcha a informatización do centro.

Serían o curso 1991-92 cando a ESO entraría nas nosas aulas por primeira vez, antes incluso de que fose obligatoria. Iso fixo que se tiveran que suprimir a FP1 da rama de Electrónica na quenda de diúrno. No ano escolar seguinte o noso centro ía ver nacer tres grupos de 3º ESO e un grupo de 4º ESO, así como ver morrer os primeiros cursos da rama de Electrónica da antiga FP.

Como curiosidade, mencionar que un café na nosa cafetería se pagaba por aquel entón a 50 pesetas e nese mesmo ámbito se prohibiron os xogos que servisen para facer circular cartos, coma algúns de naipes. Nese mesmo curso cambia a denominación do centro a IFP Meixueiro “Ricardo Mella”.

O ano académico 1994-95 veu marcado polo nacemento do Bacharelato da LOXSE, que no noso centro se implantaría en dúas modalidades: O Bacharelato Tecnolóxico e o de Ciencias Medioambientais e da Saúde. Como anécdota, aos encerados de xiz fóreronse engadindo outros de fondo branco, nos que se podía escribir con rotuladores de cores e púxose un teito de uralita para comunicar baixo cuberta os pavillóns A e o C. Tamén se instalaría un ordenador de uso común nun currunchxo anexo á sala do profesorado.

Foi no curso 1995-96 cando se produciu a aparición dos primeiros Ciclos Formativos, cunha oferta que se consolidaría nos anos seguintes. Aparecía o ciclo da familia Administrativa de “Xestión Administrativa” e solicitábase un ciclo superior desa mesma rama de “Administración e Finanzas”. Ao mesmo tempo licitábase o CM de “Coidados Auxiliares de Enfermería” e o CS de “Dietética”.

Estes foron só os primeiros pasos do centro que hoxe coñecemos. Unha evolución sorprendente, se temos en conta as dificultades e as circunstancias das que partimos no comezo.

(Adaptación) Giráldez Lomba, A: *Breve Historia do I.E.S. Ricardo Mella (2006)*

PROGRAMAS EUROPEOS

Os programas ERASMUS+

Os programas de mobilidade ERASMUS+ permítenlle aos estudantes formarse e facer prácticas en diversos países europeos. Estes programas son una oportunidade única para estudantes e titulados que achegan un valor engadido á educación. Por unha banda, contribúen a mellorar o futuro profesional e por outra favorecen o desenvolvemento persoal. Así o valoran os que xa tiveron a sorte de desfrutalo.

Existen diferentes tipos de mobilidades, nestes momentos o noso centro está a participar en catro:

- K102: Mobilidades para estudantes para realizar prácticas (FCT) no estranxeiro, persoas tituladas e profesorado de Ciclos Medios.
- K103 (PRAXEUROPA): Mobilidades para estudantes para realizar prácticas (FCT) no estranxeiro, persoas tituladas e profesorado de Ciclos Superiores.
- K107 (INTERPRAX): Mobilidades fóra de Europa (está comezando, de momento só profesorado de FP).
- PRACTICUM DEPO 2017 (similar ao K102).

Na web do centro poden proporcionarvos toda a información que precisedes. Tamén podedes achegarvos á mesma conserxería.

Fala o coordinador Erasmus, Xesús Alonso

Estes programas teñen a forma de consorcios coa Xunta de Galicia, no caso do K103 tamén podería facerse como programa propio do centro, nos que os centros participantes reciben e envían xente de/a diferentes países de Europa. O alumnado e/ou profesorado participante pode facer prácticas en empresas - FCT e outras - ou simplemente, máis común no caso do profesorado, o que chamamos un “período de observación” que consiste basicamente en visitar centros educativos e/ou empresas para ver o xeito que teñen de traballar e, nalgúns casos, facer contactos.

Por exemplo, neste curso escolar, dentro do programa K102, o noso centro recibiu tres alumnos alemáns que fixeron a súa FCT no hospital de Fátima, aquí en Vigo, e enviou ao alumno Artai López de Xestión Administrativa a facer a súa FCT a Italia e a outro de Electrónica, Bernardo Benjamín, ao Reino Unido.

Trátase dun programa cunha mobilidade más complexa ca outras, sobre todo buscar aloxamento, porque son os interesados os que teñen que facer todos os trámites, a Xunta só facilita os contactos, pero as becas que se conceden son bastante cuantiosas e dan perfectamente para cubrir gastos e nalgún caso, depende do país, incluso para algúns “extra”.

Dentro do programa K103 PRAXEUROPA temos dous alumnos de Administración e Finanzas en Finlandia facendo a súa FCT, Carlos e Raquel. Neste caso a beca é máis escasa, pero pódese optar a unha axuda complementaria da Xunta coa que se pode chegar a dobrar o importe recibido.

Ademais este ano a Deputación de Pontevedra ten o seu propio programa PRACTICUM DEPO 2017 para Ciclos Medios, similar ao K102. Neste caso é a propia Deputación a que se encarga de todos os trámites, incluído o seguimiento que normalmente temos que fazer os coordinadores que consiste en pedir certificados de empresa, facer memorias, etc. Neste caso o centro só busca candidatos polo que o proceso é moito máis sinxelo, tanto para o centro como para os alumnos ou profesores participantes. A profesora Sonia Pérez Álvarez viaxará en breve a Alemaña participando neste programa.

Por último mencionar que dentro do novo proxecto KA107 INTERPRAX, con apenas dous anos de vida, dous profesores do noso centro entre os cales me atopo eu mesmo, Xesús Alonso e José Luís Carril viaxaron a Tailandia. Alí asistimos a charlas e conferencias na universidade, onde nos falaron do seu sistema educativo e nós a eles do noso, mostrando a oferta do noso centro.

Trátase de outro dos consorcios da Xunta pero neste caso os intercambios fanse con países de fóra de Europa, maioritariamente de Asia e das Repúblicas Bálticas (Croacia, Albania, India, Tailandia, etc.) Estes países non teñen nos seus sistemas educativos nada parecido ao que é a nosa FP, e trátase de algo no que están moi interesados, pois están a percibir no seu mercado laboral cada vez máis demanda de Técnicos e Técnicos Superiores, basicamente o que é formación regada “media” entre os estudos “básicos” e os universitarios.

A pesares do atractivos que son estos programas normalmente non suscitan moito interese, polo que non adoita haber moita competencia no proceso de selección. Dito proceso consiste en cumplimentar un formulario *on-line*, presentar o expediente académico e entrevistarse co orientador ou coa orientadora e coa persoa do departamento de linguas estranxeiras que corresponda. Así que xa sabedes, tanto profes coma alumnos, animádevos a participar!

Falan os nosos alumnos

Pedímoslle a algúns alumnos que están participando ou xa participaron nalgún destes programas que nos fixeran partícipes da súa experiencia. Velaquí o que nos contan.

A EXPERIENCIA DE ZOILA VALES, ALUMNA DE AFN 2016-17

Finlandia... Hauska tavata! (*encantada de conocerte*)

¿Por qué decidí participar en un programa europeo? Supongo que la respuesta habitual es mejorar el idioma, conocer otras culturas y lugares, vivir una experiencia diferente de FCT's... La verdad es que no me costó mucho tomar la decisión de presentarme como candidata y es una decisión que hay que tomar pronto, ya que las solicitudes deben presentarse en el curso anterior a realizar las prácticas, por lo que no te puedes despistar con este tema.

Los requisitos previos fueron sencillos: acreditar un nivel suficiente del idioma elegido (inglés, francés,...) y superar a fin de curso todas las asignaturas del primer año del Ciclo. Y yo añadiría una más: empezar a ahorrar. La beca tiene una dotación económica (menor o mayor dependiendo del destino) pero vivir fuera es caro y si no tienes una cierta disponibilidad económica, quizás no aproveches por completo la experiencia, las posibilidades para viajar y realizar actividades nuevas, que la beca puede brindarte.



Kauhava

Una vez que eres candidato/a, todo va muy rápido: las pruebas de selección consistieron en una entrevista personal con la orientadora y varios profesores, una parte de la cual se desarrolló en el idioma elegido (en mi caso, en inglés)... y es una parte importante ya que supone un porcentaje muy alto de la puntuación final. No todo es el nivel de idiomas, también valoran el expediente académico, la actitud personal, etc. Además asistimos a varias clases con la profesora nativa del instituto y finalizamos con un examen escrito, de vocabulario fundamentalmente.

En la propia entrevista, me informaron de los destinos disponibles en función del idioma elegido y de mi especialización, y aunque Malta o Bolonia sonaban muy bien, Finlandia me atrajo desde el primer momento... recuerdo a Miguel Anxo (nuestro ahora director) avisándome “pero sería un pueblo pequeñito, nada de grandes ciudades” y yo respondiendo “Perfecto! Conozcamos la Finlandia Profunda”. La verdad es que no lo dudé ni un instante.

Una vez publicados los resultados y confirmado el destino, mi siguiente preocupación fue hacer la maleta: la beca Erasmus+ dura tres meses aproximadamente y yo me encontré en pleno Agosto, con un calor infernal, y buscando ropa para la nieve y los -10º de media que tendríamos en mi zona durante el mes de diciembre. Entre tanto preparativo, el tiempo se pasó volando y cuando me quise dar cuenta, me encontré camino del país nórdico (que no escandinavo) dispuesta a disfrutar de la experiencia. En mi caso, mi destino era un centro de negocios con su propio hotel, por lo que el tema del alojamiento y comidas estuvo solucionado desde el primer momento. Como había contactado previamente con ellos, mi tutor vino a recogerme a la estación y me presentó a todo el personal de la empresa. Si algo puede decirse de los finlandeses es que son amables, informales y muy, muy simpáticos. Creo que la primera palabra que aprendí en finés fue *Kiitos!* (gracias) porque desde el primer momento me ayudaron muchísimo y me hicieron sentir como en casa.



Rovaniemi (o pobo de Santa Claus)

Hablando de idiomas, el finés está considerado uno de los idiomas europeos más complicado por lo que, más allá de “*Buenos días/tardes/noches*”, “*Gracias*” y “*Por favor*” mis conocimientos no daban para mucho más; pero a nivel de calle todo el mundo se defiende en inglés y con un nivel envidiable: desde el zapatero (que me echó una mano en una emergencia con una bota...) y la farmacéutica, hasta los revisores del tren: todos te entienden y te ayudan si te ven perdida.



Rovaniemi

Como dato curioso, os diré que la palabra finesa más conocida y utilizada en el mundo es... *sauna!*. Y para ellos, la sauna es casi una religión: cualquier hotel/hostal al que vayáis dispone de sauna, hay multitud de saunas públicas en las grandes ciudades e incluso los edificios de varios pisos disponen de una sauna comunitaria para el uso de los vecinos. Es tan importante la sauna en la vida de un finlandés que hasta tienen un refrán que viene a decir “si la sauna, el alcohol o la brea no lo cura, probablemente lo que tienes, te matará”.

Además de descubrir una nueva cultura, viajar es otro de los

atractivos de la beca Erasmus+. En mi caso, Finlandia es un país muy bien comunicado, lo que me permitió en mi tiempo libre, no solo moverme por todo el país sino también cruzar a Suecia y Estonia. Helsinki, Tampere o Turku son ciudades preciosas con muchos atractivos que descubrir. Además, una visita obligatoria supone conocer a su habitante autóctono más internacional: Santa Claus. Así que con un viaje en tren de unas 6 horas, llegas a la línea del Círculo Polar Ártico, cerca de la ciudad de Rovaniemi, donde está situada la villa de Santa Claus. Aunque está abierta todo el año (menos el 24 y 25 de diciembre, que está ausente por “negocios”), yo recomendaría visitarla en los meses de invierno, porque la estampa nevada le da un toque muy especial.

Ahora que todo ha terminado, echando la vista atrás, puedo decir que recomiendo ampliamente la experiencia. En mi caso fue Finlandia, pero comentándolo con compañer@s que fueron a otros destinos, la impresión es unánime: sin duda, la experiencia merece la pena. No solo ganas fluidez con el idioma y aprendes cómo se trabaja en otros lugares, sino que ganas en autonomía, independencia,... por no hablar de lo que puede aportar a tu C.V.

ZOILA VALES CREO (AFN 2016-2017)

ENTREVISTA CON NOEMI RODRÍGUEZ, ALUMNA DE CICLO MEDIO AF 2013-15



Noemi Rodríguez, becaria Erasmus+

Que che fixo decidirte a participar nun programa europeo?

Cando me anotei para facer o ciclo descoñecía por completo a posibilidade de poder ir ao estranxeiro. Cando o souben non o dubidei nin un segundo. Xa tiña experiencia traballando e vivindo fora da miña zona de confort e era más que consciente da tremenda oportunidade que iso supoñía.

Foi doada a tramitación? Que tipo de requisitos esixían aos candidatos?

Para nós os estudiantes a tramitación foi moi doada, non teño recordo de que tivésemos que facer algo fóra do normal que pode supoñer este tipo de programas.

Cando eu fixen a proba no 2014 os requisitos eran ter as materias do curso aprobadas, unha proba de nivel de inglés, asistir a clases de inglés facilitadas no instituto e unha entrevista.

Como foron os primeiros días, as primeiras impresións no novo país?

Fun cunha compañeira e ben, a pesar de que nos cambiaron de aloxamento sen previo aviso, recibíronnos moi ben. A cidade, Seinäjoky, é moi pequena e tiñamos todo o fin de semana por diante, nunca estivemos tan lonxe da Galiza e nun país nórdico, pero non nos importou moito non coñecer nada. Collemos a roupa que máis abrigase, compramos os boletos do tren e tiramos para o Círculo Polar Ártico a ver a Santa Claus. Foinos ben, tivemos una impresión do novo país moi auténtica e directa ;)

Ao volver empezamos as prácticas nos respectivos traballos.

Canto tempo durou a estancia? Variou a túa opinión co paso do tempo?

Eu tiven dúas experiencias. A primeira en Finlandia por 3 meses de duración e a segunda en Irlanda do Norte onde agora vivo e traballo, de seis meses.

Eu tiven unha moi boa experiencia dende o principio. Quizais poida influír o feito de que xa teño uns aniños e iso sempre suma. A miña opinión podería dicir que variou de boa a boísima.

Cal é a túa opinión sobre a experiencia en xeral? Recomendaríala? Por que?

A miña experiencia foi e sigue sendo mais que increible. Fixen as miñas segundas practicas na Queen's University of Belfast co ciclo medio de Administración. E con ese mesmo ciclo medio agora estou traballando nesta Universidade. Algo inimaxinable fai nin sequera 2 anos.

Puxen tamén da miña parte, teño que recoñecelo. Nada más chegar aquí busquei toda a información de onde podía estudar para aproveitar o tempo e saír de aquí cun titulo en inglés. Fíxeno, aprobei o primeiro curso e agora voume presentar ao *First* de Cambridge e xa me anotei para seguir co *Advanced Certificate*.

Por suposto que o recomendaría. Saír da zona de confort é algo que todo o mundo ten que facer, hai mais mundo, cultura e xente de quen aprender.



Queen's University of Belfast

Non somos conscientes da gran oportunidade que temos os que puidemos e os que poidan optar a este programa. Pero temos que por da nosa parte, non digo que sexa fácil saír da túa casa, pero está moi ben organizado e dedícanlle diñeiro, tempo e ganas.

Eu síntome moi agradecida de haber tido unha das mellores oportunidades da miña vida grazas ao traballo do meu coordinador Miguel Anxo e ao equipo de profesionais do Instituto Ricardo Mella.



O DÍA DAS NOSAS LETRAS


Este ano celebramos o día das Letras Galegas no IES Ricardo Mella rememorando e (re)lendo ao autor ourensán Carlos Casares, un dos que, a través das súas obras de diversa índole, exerceu unha prolongada influencia nas nosas vidas - dende os contos e pezas de teatro infantís, ensaios, novelas, traducións e artigos periodísticos, ata a mesma redacción da Lei de Normalización Lingüística do ano 1983.



Carlos Casares Mourío nace na cidade de Ourense o 24 de agosto de 1941. Sendo un neno, a súa familia trasládase a Xinzo de Limia, onde o pai, Francisco Casares, traballará como mestre. A súa infancia desenvólvese nun ambiente entre aldeán e vilego, entre Xinzo e as aldeas de Beiro, Lamas e Sabucedo, que deixará unha fonda pegada na súa obra.

No ano 1952 ingresa no seminario de Ourense, onde descobre a súa faceta de escritor grazas ao profesor de literatura Agustín Madarnás, de quen o propio Carlos dirá que o marcou profundamente. Nesta etapa escribe un xornal semanal, *El Averno*, do que era o "director e único redactor".


Cando abandona o seminario, segue os estudos de bacharelato por libre en Xinzo de Limia. En 1959 gaña un concurso de relatos breves e isto permítelle coñecer a Vicente Risco, membro do xurado, e participar nos seus faladoiros literarios dos cafés Parque, Miño ou Volter. Alí contactará con outros escritores e artistas como Arturo Lezcano, Ferro Couselo, Xaime Quessada ou Xaquín Lorenzo.



No ano 1961 trasládase a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras e incorpórase ao grupo de galeguistas liderado por Ramón Piñeiro.

En Compostela participa, como dirixente da Asociación Democrática de Estudantes, no movemento universitario de protesta contra o franquismo. Entre as actividades que organiza ADE cómpre salientar o concerto de Raimon na cidade, preludio do 68 compostelán e xerme do movemento Voces Ceibes, a expresión galega da canción protesta. Casares inflúe na galeguización do movemento universitario ao participar na tradución ao galego do folleto coas letras do cantautor catalán.

En 1967 publica a súa primeira obra, *Vento ferido*, un libro de relatos xuvenís con técnicas innovadoras e influjo do experimentalismo europeo e americano. Nestes relatos inzados de soidade e fatalismo aparecen xa os temas que se repetirán na súa obra, como a violencia, a opresión e a intolerancia nas relacións humanas.



Ao ano seguinte sae do prelo a súa primeira obra de relatos infantís, *A galiña azul e, de alí a pouco, a primeira obra infantil de teatro, As laranxas más laranxas de todas as laranxas* (1973). En 1969 empeza a impartir docencia en Viana do Bolo pero é inhabilitado por defender o dereito ao comedor gratuíto para os nenos pobres e ten que marchar a Bilbao. En 1974, despois de aprobar as oposicións, exercerá como profesor en Cangas do Morrazo e posteriormente en Nigrán.

No ano 1971, nun tren que se dirixe a Santiago de Compostela, coñece unha rapaza sueca, Kristina Berg, coa que casa e que lle abre as portas de Suecia.

Este país converterase nunha especie de modelo ideal para a súa Galicia soñada.

Nestes tempos afiánzase como escritor e inicia a súa longa colaboración coa prensa, primeiro no xornal La Región de Ourense e posteriormente en La Voz de Galicia. En 1981 preséntase como galeguista independente nas listaxes do PsdeG-PSOE ás primeiras eleccións ao Parlamento e é elixido deputado. Como parlamentario, participa na redacción e aprobación da Lei de normalización lingüística de 1983, na creación do Consello da Cultura Galega e da Radio e Televisión de Galicia e na elaboración da campaña Fálalle Galego.

Son anos de intensísima actividade intelectual nos que preside o Consello da Cultura Galega, dirixe a revista Grial, colabora activamente coa Real Academia Galega, da que é membro desde 1977, dirixe a Editorial Galaxia, preside o PEN Club e no 2000 participa con outros 80 escritoras e escritores no Expreso da Literatura Europea que percorre Europa desde Lisboa ata San Petersburgo.

Ademais, desde 1992 escribe a columna "Á marxe" para o xornal La Voz de Galicia e segue a publicar títulos de narrativa.



Da súa prolífica obra cómpre salientar obras como Cambio en tres (1969), *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980) e *Os mortos daquel verán* (1987). Deixounos tamén moitas publicacións destinadas ao público infantil. Á parte de *A galiña azul e As laranxas más laranxas de todas as laranxas*, publicou *Lolo anda en bicicleta, Un polbo xigante* ou a serie *Toribio*.

Cómpre tamén subliñar o seu papel como biógrafo de Ramón Otero Pedrayo, Manuel Curros Enríquez, Ramón Piñeiro ou Vicente Risco. Da súa faceta como tradutor, pódese destacar a tradución ao galego de obras como *O Principiño* de Saint-Exupéry ou *O vello e o mar* de Hemingway.



Ao longo da súa traxectoria como escritor recibiu numerosos recoñecementos e premios entre os que destaca o Premio da Crítica Española (1976) por *Xoguetes pra un tempo prohibido*, os premios de xornalismo Fernández-Latorre (1983) e Julio Camba (1995) e o Premio da Crítica Española e de Galicia (1997) por *Deus sentado nun sillón azul*.

Falece en Vigo o 9 de marzo de 2002, despois de entregar na imprenta versión definitiva de *O sol de verán*.

Carlos Casares, humanista e cosmopolita, non só se nos revela como unha figura indispensable do panorama cultural galego do século XX senón tamén como un dos principais renovadores da literatura galega contemporánea.



<http://www.lingua.gal/letras-galegas>

A PALABRA MÁIS FERMOZA

Co motivo da celebración do día das Letras Galegas, a biblioteca do noso centro organizou un concurso – con *photocall* incluído – no que se buscaba a palabra más fermosa en galego. Cada alumno propoña e defendía a súa. Amosamos unha breve mostra das propostas.



Ademáis tivo lugar unha xincana na que os alumnos da ESO participaron nunha serie de probas. A xulgar polas fotos, diríamós que o pasaron de medo.

A XINCANA DAS LETRAS

O pasado 18 de Maio, para celebrar o “Día das letras galegas” o equipo da biblioteca do instituto en colaboración con outros profesores organizamos unha xincana.

Invitamos aos alumnos do club de lectura do Colexio do Sello de Vigo. Os alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO xunto cos do colexio formaron grupos heteroxéneos de 7. En total, foron 12 grupos e realizaron 12 probas do máis variado: Dende buscar números nunha sopa de letras, formar palabras a partir de 7 vocais e 7 consoantes, resolver sumas, buscar pistas polo instituto, formar un pareado a partir dun verso, emparellar títulos de obras de Carlos Casares ou cantar unha canción. Tamén xogaron aos bolos, saltaron a pata coxa, buscaron información en código QR, buscaron libros a partir das etiquetas dun libro ou emparellaron refráns populares.

De ser xurado encargáronse os alumnos de 4º da ESO e os de 1º de Bacharelato. Eles eran os que decidían se as probas estaban superadas ou non. Os profesores que os acompañaban só estaban supervisando a proba.



En total participaron 140 alumnos entre xogadores e xurados, e 12 profesores acompañaron as probas.

En menos dunha hora e media acabou o primeiro equipo composto por Xosé Queizán, Luca Castro, Alfredo Jiménez, Marlon Aguilera, Jorge Román e Ricardo Sello ... Recibiron de agasallo unha batería externa para cada un.

Pasámolo xenial! O próximo ano repetiremos!!



OS NOSOS RELATOS



unha exposición solidaria na que incluíñ cadros e poesías.

Tamén me encanta escribir. Publiquei varios relatos e ilustracións, quedei finalista nun certame de relatos e como curiosidade, fixen a letra de dúas cancións. Actualmente estou intentado rematar (cando o tempo mo permite) un par de noveliñas e un poemario coas ilustracións dos meus cadros.

“As estrelas tamén choran” e “A reaparición do patiño feo” son minicontos que tratan de expresar un problema moi real, o *bullying*: Ás veces unhas verbas a tempo dalguén próximo son suficientes para que non rexeitemos o que vemos reflectido no espello e darannos as forzas necesarias para que nos aceptemos a nós mesmos, outras fai falla que medremos para poder enfrentarnos aos nosos medos.

Por iso é tan importante que actuemos a tempo. Se vemos que alguén está sendo acosado/a de nós depende ser meros espectadores e converternos en cómplices do agresor/a ou situarnos do lado da vítima. Non esquezamos nunca que entre todo/as podemos paralo.

Finalmente deséolle á esta revista moita sorte. Agradezo moito poder contribuír a ser parte da primeira edición. Agora tócamos a vós ser máis que alumnos/as e animarvos a realizar o soño de ser escritores/as por uns intres. As vosas verbas perdurarán e así sen dúbida esta revista terá unha longa traxectoria.

Saúdos cordiais,

Lúa Campos (*Profesora Dpto. Sanitaria - IES Ricardo Mella*)

LAS ESTRELLAS TAMBÍEN LLORAN

-¡No lo aguento más abuela! Hoy en el cole se han metido conmigo y se han reído de mí-. Dijo la pequeña mientras corría a los brazos abiertos de la anciana señora que estaba sentada junto al fuego.

-¿Qué pasa mi niña? ¿Cómo se pueden reír de alguien tan bueno y dulce como tú?

-Hay un niño que me llama siempre Pipí Calzaslargas y todos se echan a reír-, le dijo ella a la vez que se señalaba la cara, para mostrarle la prueba evidente de las burlas.

-No me digas que es por tus pecas. ¡Pero sí son preciosas!

-¡Son horribles! ¡No las quiero! ¡Quiero quitármelas!-. Sollozó la niña mientras se frotaba las mejillas, queriendo borrar sus pecas con las lágrimas que caían de sus ojos.

-Está bien. Tranquila, sí ya no las quieras, luego compraremos una crema para que te las borre, pero al menos deja que te cuente por qué hemos nacido con pecas.

-¿Tú también tenías pecas abuela?

-Yo tenía muchísimas cuando era como tú.



"La mariposa en las alas del Universo"

Reproducción en óleo sobre lenzo

Lúa Campos

-Y también te las borraste, claro.

-No. Yo quería mucho a mis pecas, pero al hacerme vieja fueron desapareciendo y me dio mucha pena.

-¿Te dio pena quedarte sin pecas?-, preguntó la niña incrédula.

-Claro, porque así ya no se ve que soy una "niña de las estrellas".

-¿Una "niña de las estrellas"?

-Deja que te cuente la historia. Hace muchos, pero que muchos años, los humanos aún no conocían el fuego. En aquellos tiempos, lo que más temía la gente era la oscuridad. Por eso cuando anochecía, esperaban con ansia el momento en que las estrellas empezaran a iluminar el cielo. Ellas eran la única manera que tenía la gente de poder ver en la noche y dejar de tener miedo. Entonces los humanos agradecidos por su luz les prometieron a las estrellas que les harían un regalo especial, y desde aquella las estrellas brillan más que nunca en el cielo. ¿A qué no sabes cuál es el regalo tan especial que le hicieron los humanos a las estrellas?

-No, dime, dime cuál abuela-, le imploró impaciente la niña.

-Pues que nacieran niños como tú, que llevaran en su cara pintadas las estrellas.

La niña miró a su abuela con los ojos muy abiertos por la sorpresa, y le dijo.

-¿Entonces mis pecas son en realidad estrellas?

-Cada peca que tienes, es una estrella que brillará esta noche.

La pequeña sonrió entusiasmada al saber que era una “niña de las estrellas”.

-Abuela. He cambiado de idea. Ya no quiero borrar mis pecas.

LA REAPARICIÓN DEL PATÍTO FEO

“Nos hacemos eco de uno de los acontecimientos del día.

Las noticias que a todo periodista nos complace dar son las que acaban como el final feliz de un cuento. Esta es una de ellas.



"El Universo en las alas de la mariposa"

Reproducción de óleo sobre lenzo.

Lúa Campos

Tras cumplirse un año de su misteriosa desaparición, el Patito Feo ha reaparecido por fin en el estanque que lo vio nacer. El cambio del Patito durante este año fue tan espectacular, que ya llevaba varios días nadando entre las plácidas aguas, sin haber sido reconocido, y es que se puede decir que el anterior patito feo se ha convertido ahora en un hermosísimo cisne que deslumbra con su belleza a todos los vecinos del lugar, despertando a su nado admiración y sorpresa a partes iguales. El ahora cisne, que prefiere que le sigamos llamando Patito Feo, nos narró su triste historia, en una emotiva rueda de prensa que ha tenido lugar esta mañana ante la expectación de todos los medios de comunicación. Durante el año que lleva desaparecido han sido muchas sus desventuras, ya que además de ser presuntamente expulsado de su anterior hogar por su familia (hechos que actualmente están siendo investigados por la fiscalía del menor), se ha escapado por las plumas de acabar en la cazuela repetidas veces, hasta que finalmente fue adoptado por la que ahora considera su auténtica madre.

Según declaraciones de la madre del patito, Mamá Pata, antes de ser detenida para ser puesta a disposición judicial, por presunto abandono, ella creía que todo había sido producto de un error. Que presuntamente aquel torpe patito no se parecía en nada a ninguna de sus gráciles criaturas y por ello todos se habían sentido decepcionados por su aspecto, así que había decidido retirarle el calor de sus plumas, pero que ella en ningún momento había fomentado el *bullying* de sus demás hijos hacia el Patito, aunque reconoce que tampoco hizo nada para frenarlos. Además al verlo ahora tan hermoso, declara que está muy arrepentida.

Tras preguntarle al Patito Feo sobre la versión de su familia, nos cuenta, que en vista del arrepentimiento mostrado por su madre y sus hermanos, ha decidido perdonarles, pero que ahora prefiere nadar entre cisnes.

UNHA IMAXE VALE MÁIS CON CEN PALABRAS

1º PREMIO da Categoría A Fusa Difusa | Lucía Silva | 2º ESO

UNHA IMAXE VALE MÁIS CON CEN PALABRAS

Sei que tes moitos admiradores , seguidores, más novos , más vellos , más guapos, más listos , pero... Só eu sei o que significas para mñ. Levas toda a vida ao meu lado , sen queixarte cando fallo alguna nota , cando non teño ganas de tocar , cando estás pero non che fago caso... E aínda así , sei que nunca me vas a abandonar, que estarás conmigo nos momentos más importantes da miña vida ,e que , cando eu sexa unha anciá , ti serás a miña compañeira inmortal.

Dices de mi que soy idioma universal, pero si es así es gracias a personas como tú , que sabéis interpretar cada corchea ,negra o fusa, y sabéis, de forma contradictoria ,darle vida a los silencios. No sabes la alegría que me supuso ver que escogías un instrumento, la trompa , ese objeto dorado , que aunque no sea oro de verdad , el sonido que produce vale para mí , más que todas las joyas que me quieras regalar. Cada nota es un regalo , por lo que espero recibir muchos a lo largo de los años que nos quedan juntas.

Fdo.:

Fusa Difusa.



Fotografía feita por mñ



CARTA DE LUNA EQUUVOCADA

Cada vez que te veo es una sensación incluso más bonita que de atrapar un Pokemon Legendario, porque tu Masterball atrapó mi corazón. En el paraíso de tus ojos me pierdo porque estoy perdido, en la belleza de tus labios me encuentro porque estoy contigo.

No sé cómo decirte que eres preciosa, perfecta . Te doy mi corazón, te lo regalo, es tuyo. Quiéreme, mi Luna Blanca.

F11

Pola presente comunicolle que tendo recibida a súa indescriptible carta, chea de tanto amor e sentimento, chea de tanta amabilidade e máis amor, teño a obriga e o deber de rexetir a súa amable petición, xa que a súa carta vai dirixida a Lúa Branca e nos somos a Moblería BrancaLúa . Sen máis unha aperta e non dubide en visitarnos se quere mercar algun moble para a súa casa.


*Fotos de internet.



2º PREMIO da Categoría A
F11 | Iago Carballeira Álvarez | 2º ESO

Iº PREMIO da Categoría B

Revolution | Aida Villar | Iº Bach. H



A Melodia do amor

"Hello I love you, wont tell me your name?" contaba Jim Morrison. ¿Me dirás cual es tu nombre? Mi curiosidad es grande y mi alma impaciente. ¿Me lo dirás? Enamorada de una ninfa, me siento como Apolo.

¿Sabrá mi Dagne que la busco? las moiras tejieron a mi favor moviendo los abandonados y grios engranajes del llamado corazón... preparado ya para amar una vez más. ¿Te querás?

Se che quero?... Podo dudar do meu cariño as flores, á poesía, a un cadro impresionista, os sorrisos, pero non do que sinto por ti, como non ta quererte?.

Noite tras noite observando as estrelas e agora atopo que a máis bela encóntrase na Terra.

Escriptadas, astros e constelacións? Ela é a cosa maior rival. Oes Casiopta? atopei unha nereida máis hermosa.

"All of my love, all of my love to you" dícia Robert Plant.
Quérote.

2º PREMIO da Categoría B:


Hýpnos | Wardia Soukkani Bahri |

Iº Admón. e Finanzas



CONCURSO CARTAS DÍA DA MULLER

Co gallo da celebración do día da muller o departamento de inglés organizou, na semana do oito de marzo, un concurso que consistía en escribir, en galego ou castelán e inglés, unha carta breve ou nota de agradecemento dirixida a unha personaxe admirada polos alumnas e alumnos. A idea foi da profesora Thamara Veiro e a carta que resultou gañadora é a seguinte :



Eres y seguirás siendo un símbolo de superación, lucha, resistencia y valentía.

Un símbolo de los muchos otros que han sido injustamente eclipsados.

Con mano decidida, una mente inteligente y una tremenda motivación te expresaste. Hellen Keller eres pura inspiración, la viva imagen del optimismo.


“Ya es hora de renacer querida” y Hellen Keller sonrió.

You were and you will remain being a symbol of fight, resistance, courage and self-improvement.

*One of the many symbols who have been unfairly eclipsed.
With determined hands, an intelligent mind and a huge motivation you expressed
yourself.*

*Hellen Keller you are pure inspiration, the real image of optimism.
“Dear, it’s time to be reborn” and Hellen smiled.*

Wardia Sakkani Bahni, AFI



RECUNCHO CULTURAL

IT'S ONLY MUSIC BUT I LIKE IT

*Intro: The Chordettes “Mr. Sandman” *

Vamos a darle una vuelta a la famosa frase de Platón y dejemos claro que “No entre aquí nadie que no guste de la música” confío en que pocos se quedarán fuera.

La música, hablemos del arte de las musas, de la más grande expresión del ser humano.

Y aquí iba la **Musique** vestida de sonidos y respirando silencios, cogiendo de la mano una a una las perdidas emociones para dar lugar a la más bella unión frente a la cual hasta el más insensible de los insensibles cae rendido, y ella piadosa lo acoge en sus pentagramas.

No le importa que seas un **Do, Re, Mi** o un **Fa, Sol, La**, o que seas más de clave de **Sol** o de **Fa**.

Mucha letra y mucha palabra cargada de sentimiento, y todos sabemos que nunca será suficiente para ella que siempre está un escalón por delante.

Y es que esta noche la música me susurró al oído y me pidió que compartiera con vosotros lo poco que me reveló de su inmensidad.

Entre su cálido abrazo pude escuchar:

OASIS (Let there be love) “*Come on baby blue, shake up your tired eyes, the world is waiting for you, may all your dreaming fill the empty sky*”.



CHELOU (Like a dream) “*Like a dream, I won't want to find myself alone, sweet dreams, giving me false hope...* ”.



ELLIOT SMITH (Coming up roses) “*While the moon does its division, you're buried below, and you're coming up roses everywhere you go, red roses follow*”

“La vida sería un error sin música”

Nietzsche

Wardia Soukkani Bahni, AFI

CLUB DE LECTURA MANGA



No club de lectura, pretendemos charlar, compartir as lecturas de xeito agradable, dicir o que sentimos con liberdade (sexa bo ou malo), destripar unha lectura, gozar incluso con un mal libro porque estamos con xente á que nos une o pracer de ler.

Non temos prexuízo ningún á hora de afrontar xéneros e subxéneros: teatro, poesía, narrativa, romántico, ciencia ficción, fantasía, *thriller* e misterio, a vida mesma como tema central de calquera libro. Recuperamos clásicos e estamos á última, descubrimos obras que non

coñecías (e deberías facelo). Pero, sobre todo, deberías saber que o máis importante e pasar un bo rato con boa xente. A lectura é a mellor excusa.

Este ano creamos o Club de manga & anime, no que estendemos as nosas fronteiras ata o cómic e a animación xaponesa e no que ti es o centro do mesmo. Nas nosas sesións es ti quien debe presentar as obras que les e miras na televisión ou no ordenador, quien debe descubrirnos o que aínda non coñecemos e, seguramente, aprenderás moito coas achegas dos teus compañeiros. Gozamos dos clásicos que todo o mundo debería coñecer, recuperamos clásicos que non sabías nin que existían e sobre todo estamos ao día co que se publica e emite, desde o que podemos mercar nas tendas ao que nos chega por *scans*.

Do mesmo xeito, non é o manga e o anime o único centro de interese, xa que tamén temos espazo para o *cosplay*, o *Jpop*, a gastronomía e a cultura xaponesa en xeral. E non pechamos as portas ao irmán menor, que é o *manhwa* coreano e o *k-pop*, que aquí hai sitio para moitas cousas.

Ademais das charlas, temos unha sesión adicada ao anime, na que poderás programar a obra que te apeteza presentarnos.

Deberías saber que o noso club manga colabora con outros clubs da contorna; IES Álvaro Cunqueiro e IES Alexandra Bóveda (Vigo), IES As Barcas e IES A Paralaia (Moaña), IES Escolas Proval (Nigrán) e IES San Paio (Tui), cos que temos reunións e encontros anuais nos que poñemos en común todo o que nos interesa e descubrimos outras actividades como o rol, videoxogos, *magic*, *jugger*, *quidditch*...

Leonor Giménez Fernández (Responsable da Biblioteca Ana Arraiz)

HISTORIAS PARA ESPANTA-LO MEDO



Polo Samaín, a Biblioteca Ana Arraiz do noso centro fíxónos unhas interesantes propostas de lectura, moi axeitadas para a temporada.



AS NOSAS VISITAS

ALUMNOS DE SAÚDE AMBIENTAL VISITAN METEOGALICIA

O pasado 24 abril os alumnos do primeiro ano de CS de Saúde Ambiental do IES Ricardo Mella visitaron a Estación de Calidade do Aire de San Caetano en Compostela.



Tras unha viaxe en autobús, chegaron ás instalacións para observar e aprender cómo se toman as medidas dos contaminantes en relación coa calidade do aire. Alí asistiron a dúas charlas nas que aprenderon como se leva á práctica o Real Decreto que se segue para mellorar a calidade do aire e que medidas se toman sobre a contaminación acústica.

Despois acudiron a unha estación fixa na que se mide a contaminación que procede do tráfico, situada a carón do centro comercial As Cancelas. Alí, os alumnos puideron observar os aparatos que se requiren para cada contaminante e como se vixán, e os contaminantes máis prexudiciais para as persoas. A visita finalizou cunha foto realizada na estación fixa, para inmortalizar o momento, de tódolos alumnos e dúas profesoras que os acompañaron na viaxe.

3º DE ESO PARTICIPA EN "ENLAZA VIGO"

O alumnado de 3º de ESO participou na actividade organizada polo Concello "Enlaza Vigo", con motivo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.



Nesta ocasión elaboraron un cartaz cun logo relacionado coa temática desta convocatoria, e acudiron a un encontro no centro da cidade con rapaces e rapazas doutros institutos vigueses. Moitas grazas pola vosa participación e o entusiasmo amosado!

VISITA DO ALUMNADO DO IES RICARDO MELLA A FP INNOVA

O Venres 12 de maio o alumnado de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e 1º de FP Básica de Servizos Administrativos visitou FP Innova na cidade da cultura de Santiago de Compostela onde coñeceron os distintos e interesantes proxectos de innovación que se están a realizar nos centros de formación

profesional de Galicia. A xornada resultou ser ben interesante e divertida acabando, como non podía ser doutro xeito, dando un paseo pola zona vella compostelana.



EXCURSIÓN A ROMA DOS ALUMNOS DE PRIMEIRO E SEGUNDO DE BACHARELATO





EXCURSIÓN A COMPOSTELA DOS ALUMNOS DE 2ºE 3ºESO E DE BACHARELATO



O ENTROJDO, FESTA RACHADA

O venres 24 de febreiro o Ricardo Mella gozou coma nunca do Entroido máis tolo.

Festival

Os mestres de cerimonia, Eri García e Lucía Molares encheron de emoción a xornada. De todo o relacionado con luz e son encargouse o noso alumno emprendedor Óscar (FP básica electrónica) coa súa empresa “76Audiovisuales”. O “show” comezou cun número musical a cargo de Laura Castro. Para animar o ambiente previo ao concurso de disfraces tivemos a actuación de “76 Audiovisuales”





Miguel Ángel Docampo, gañador do 1º premio – individual



"Los tobillos de Fatema", gañadores do 1º premio - grupos

Entre os participantes no concurso de disfraces tivemos na categoría individual a Tomás de 2º BACH como Pablo Escobar, Mari Ángeles Vilar de “Cubo Rubik” e o gañador, Miguel Ángel Docampo de Toro Azul. Na categoría de grupos tivemos dúas granxas, a Mellagranxa e Granxa de Pin e Pon. Os gañadores desta categoría foron os denominados “Fatema’s Boys”, integrado polos alumnos de primeiro curso do ciclo de Xestión Administrativa Laura Alonso, Yessica Bras, Fátima ElJabraoui, Luís Encarnación, José Daniel González, Adrián Gradín e Noemí Lamora. O seu show, “Los tobillos de Fatema” suscitou certa polémica.



Mari Ángeles Vilar, Cubo de Rubik



A Mellagranxa

Por último, a comparsa “A Santa Compañía” integrada por profes e persoal non docente do centro Luz Bello, Cristina, Diego, Atanes, Leonor, Tere Molina, Carlos, Bernardo, Lourdes, Myriam, Dolores, Roi Durán, Paula) axudou a animar o ambiente dende o primeiro momento. Todo comezou no recreo.



A granxa de Pin e Pon



A Santa Compañía

E como non hai festa que mereza ese nome sen unha paparota que estea á altura, os nosos *chefs* máis experimentados puxérонse mans á obra para deleitar os padais más exixentes: os do xurado. Ademais, mentres agardabamos a que concluíra o concurso de filloas puidemos saborear un delicioso chocolate quente con biscoito Hmmmm!!



Na foto, Manuel, Marta, Iris e Elías en plena faena culinaria.

Concurso de Filloas

O xurado estivo composto por Pilar, a nosa orientadora; Reme(dios) e Rosi, as secretarias; Olalla a conserxe e Iván, alumno de bacharelato. Resultou gañadora a parella composta por Josué Molares e Patricia Loureiro que cursan bacharelato e ciclo formativo respectivamente.

ATA SEMPRE E BOA SORTE!

ACTO DE GRADUACIÓN DOS ALUMNOS DE SEGUNDO DE BACHARELATO

O venres día 19 de maio tivo lugar o emocionante e esperado acto de graduación dos alumnos de segundo de bacharelato. Desexámoslles a todos a mellor das sortes para o seu futuro persoal e profesional.





